

## Fórmula20

O fórmula 20 é un programiña moi sinxelo de Fran Macías, que só ocupa 513kb, non require instalación e posúe un atractivo resultado para crear unha xira de cuestións. Olla un exemplo:

Imos aló, o primeiro que necesitas é o programa f20; o arquivo é o f20.zip descárrégao **PREMENDO AQUÍ** (lembra que é un arquivo comprimido e necesitas un programa descompresor)



## Fórmula20

O arquivo f20.zip contén dous arquivos e dous  
cartafois:

Preme no arquivo edf20.exe para executar o  
editor de preguntas



## Fórmula20

O editor de preguntas para Formula 20 permite creeditar o arquivo de configuración, facilitando deste xeito a elaboración de actividades para F20

Unha vez que executes o arquivo edf20.exe, aparecerá unha ventá coma esta:

Como estamos a comenazar, preme en Novo Grupo e pediranos un nome para o grupo de preguntas e as opcións de se queremos que respete a orde ou as preguntas aparezan ao chou, se debe amosar a resposta correcta e o tempo que queremos no que se resolva




## Fórmula20

Ten en conta que para finalizar un circuito é preciso que os/as xogadores ou xogadoras respondan correctamente a 20 preguntas, polo que un grupo deberá ter un número bastante superior co fin de prever que se agoten antes de rematar o xogo.

Unha vez que introduzas as preguntas e as respostas, preme en Gardar para obter o arquivo de preguntas, por exemplo preguntas.f20

E xa está!, agora tes catro arquivos (mellor sitúalos dentro do mesmo cartafol): o arquivo de preguntas que fas co edf20.exe (preguntas.f20), o arquivo f20.swf, o arquivo axuda.html (atoparás todo no paquete zip dentro do cartafol exemplo e podes renomear exemplo.html). Podes probar no teu ordenador se funciona ou situalo en Internet, por exemplo no espazo de Edugaliza.

Se tes algunha dúbida, envía unha mensaxe a grupos arroba edugaliza.org ...e SORTE!



# Índice

intro .....	1
paquete zip .....	2
editor de preguntas .....	3
as preguntas.....	4

